

e polos discursos pedagóxicos, como tamén unha forte continuidade cos modos, preocupacións e discursos que poden ser ollados no variado contexto europeo.

Se das primeiras décadas pasamos a tempos máis recentes, entón Jordi Monés vains explicar o que significou o franquismo para a realidade escolar catalana, así como os movementos de resistencia, de recuperación pedagóxica e de reencontro das prácticas e discursos actualizados no contexto europeo e agora tamén internacional, atendendo cunha intensidade infrecuente ao espazo feminino, sexa referido á escolarización, ou sexa para examinar o protagonismo e a presenza social e profesional das mulleres ensinantes e educadoras.

A obra comeza cun capítulo introdutorio que atende, en particular, á segunda metade do século XIX con atención á situación e ás propostas educativas que en Cataluña teñen lugar. Más de 200 páxinas se consagran ás catro primeiras décadas do século XX, cunha preferente atención á influencia das maiores propostas procedentes de Europa e de América (Montesori, Decroly, a Escola de Xenebra, Dewey, as influencias británicas e xermánicas, as francesas, italianas e rusas), en particular, sobre o amplo e diversificado movemento catalanista, o movemento obreiro, o movemento racionalista escolar e sobre as formulacións marxistas. É igualmente denso o tratamento informativo a seguir: desde o desmantelamento da escola republicana polo franquismo e o sinalamento do novo mundo oficial, ata os inicios da resistencia e a recuperación da tradición pedagóxica, coas diversas expresións que van callando arredor de Rosa Sensat, coa presenza crítica da teorización marxista sobre a educación e a escola, da influencia da psica-

nálise e a irrupción das novas tendencias pedagóxicas nas dúas últimas décadas do século XX, recuperadas as liberdades políticas e a Generalitat. Por fin, máis de 100 páxinas serán consagradas á educación e á muller ("Un col·lectiu oblidat. Segle XX"): a loita feminista en Cataluña, as pedagogas feministas, o ensino feminino en tempo da guerra, así como o intenso traballo desenvuelto de novo durante as últimas catro décadas do século XX.

Un grande mural, que non é sen embargo para o autor a imaxe máis lograda do que el quixera que fose no pasado e nos tempos máis próximos o máis pleno desenvolvemento educativo e pedagóxico do país amado.

Antón Costa Rico

A. SANTOS e U.-B. DIÉGUEZ: Antón Moreda. Memoria do exilio. Santiago, Asociación Galega de Historiadores/as, 2010.

Ao longo da última década, a través dun labor que ten moito de profesional mais tamén de afectivo, algúns capítulos esquecidos da historia política galega comezan a ser convenientemente esclarecidos por un grupo de investigadores curtidos nos oficios da militancia e da pescuda historiográfica. Curtidos aínda que mozos, como así formados e comprometidos, que tratan de poñer luz sobre algunhas pasaxes non suficientemente aclaradas, ou mesmo inéditas, da historia contemporánea do noso país, nomeadamente ligadas ao nacionalismo.

Na reclamación dun lugar propio para esas historias, aparentemente modestas, mais que polo seu significado son mere-

centes de espazo e dignificación na nosa memoria colectiva está, en xustiza, a de Antón Moreda. E ten un interese especial, tanto na vertente histórica ligada ao nacionalismo, con especial atención no escenario bonaerense, como na humana do personaxe, acontecida máis tarde en Galicia, pola integridade da súa traxectoria persoal diante das desventuras que debeu afrontar.

O percurso vital de Moreda comeza en San Miguel de Reinante en 1934, e remata en 2010, despois de ter pasado por diversas peripecias de infancia e xuventude ata ingresar no hospital psiquiátrico de Castro de Rei para permanecer alí ata a morte. En total, 43 anos da súa vida. Logo dunha estancia infantil na Habana, onde se estableceran os pais e prosperaran economicamente, el regresa a Galicia por problemas de saúde, sendo aínda un neno. Máis tarde, en 1950, con dezaseis anos emigra de novo á Arxentina, pola súa conta, e alí fica ata 1960, cando retorna á Terra coa intención de asentarse e, ao tempo, continuar a actividade política, aínda na clandestinidade, a prol da causa nacionalista.

Mais o fracaso persoal enmarcado na propia dinámica do nacionalismo daquel momento, así como algúns contratemplos na súa vida privada (un negocio frustrado, a complicada situación familiar en Reinante, algún problema de saúde), leva a Moreda ao encerro hospitalario no psiquiátrico de Castro de Rei en 1967, onde se internou ata finar o 4 de febreiro de 2010, convertindo esta derradeira etapa da súa vida nun infortunio. Alí é diagnosticado de esquizofrenia, e vai ser vítima, a partir de entón, dun tratamento inhumano, na liña terapéutica dos manicomios franquistas baseada

na reclusión e o electro-shock entre outras medidas rehabilitadoras.

Con todo, como afirman os autores, Antón Moreda non abandonou a lucidez durante ese tempo “onde enfrenta en soidade un regime de vida desolador, mantendo o seu cerne de principios e de convicções”, e seguiu a desenvolver unha serie de iniciativas que amosan un carácter inqueda e o indeleble compromiso co País. Durante as dúas derradeiras décadas da súa vida, estivo embarcado na asociación Gaiola para a defensa dos dereitos de traballadores e doentes mentais do psiquiátrico; deu alento ao seu boletín *Falemos*, ou á revista *Gaiola Aberta*, cabeceira de tremendo simbolismo... Presionou para que as misas no centro foran en galego; ocupouse da súa biblioteca, o que lle permitiu manter unha continua actividade intelectual, conseguindo licenciarse en Dereito pola USC co grao Sénior, ou elaborar un traballo sobre o Consello de Galiza; ou recibir visitas, cada vez máis distanciadas, e conceder entrevistas. E, nos últimos anos, estar conectado á Rede, por onde fuxía cara este outro mundo desde a súa particular gaiola. “Estar engaiolado, dicía, non é estar preso. É estar nunha xaula coas portas abertas e non ter onde ir”.

A súa traxectoria política comeza en Bos Aires, onde entra en contacto coa Irmandade Galega, institución impulsada por Castelao e Alonso Ríos para tratar de aglutinar a todos aqueles que mantiñan viva en América a identidade patriótica, nun contexto onde “o nacionalismo galego iría experimentar entom unha clara radicalización, em resposta lóxica à ocupação e repressom falangista e militar aquí terra”. Mais xa antes de embarcar, na súa adoles-

cencia mariñá, recibira algunha influencia republicana no contorno familiar e escolar.

Máis adiante toma parte na fundación das Mocedades Galeguistas, onde chegou a ocupar o cargo de secretario xeral. O grupo das Mocedades nacía para cultivar os valores nacionais e espallar o seu coñecemento, e aglutinaba en Bos Aires a unha parte importante da xuventude galega máis comprometida, entre a que se atopaba Bieito Cupeiro, Manuel Pedreira, Rodolfo Prada, Carlos Abreira, Antón Santamariña ou Neira Vilas. Isto acontece en 1953, altura na que estaba xa, en boa medida, crebada a relación entre os galeguistas expatriados e os do interior, vertebrados estes últimos arredor de Ramón Piñeiro.

De novo en Galicia, “com o corazón partido entre o degaro da volta e as moitas cousas que deixava na Argentina”, a onde retorna coa idea de seguir a traballar pola causa nacionalista, participa na fundación do Consello da Mocidade, considerado o xermolo do nacionalismo galego contemporáneo; entra en contacto co grupo “Brais Pinto” en Madrid ou co grupo fundador de Galaxia en Compostela, onde atopa ademais unha ocupación laboral na editorial. Mais chegan tamén os conflitos no seo da comunidade nacionalista. Desavizas que conlevan a súa ruptura traumática, nun plano xeral, e a expulsión e posterior ostracismo de Antón Moreda, no plano particular deste relato de vida que nos achegan Antom Santos e Uxío-Bregón Diéguez.

A historia persoal de Moreda integra, enfin, unha peza máis na nosa Historia, que se compón de moitas voces anónimas cando non directamente silenciadas, como tamén acontece co capítulo da represión franquista. Historias, por outro lado, simbó-

licas polo seu exemplo de compromiso co país. Tal é o caso da que nos ocupa. Antón Moreda pertence á segunda xeración de xuventudes nacionalistas, máis radical que a primeira, influenciada polo 36 e a Sociedade Nazionalista Pondal no contexto da emigración galega. Na Arxentina, tratou de manter en pé, xunto Alonso Ríos, a partir da morte de Castelao, a organización política do que pensaban que algún día había de ser un estado de seu. E representa, en palabras dos autores, una mocidade que non vivira en carne propia a guerra civil, mais que mamara as teses dos arredistas da Pondal e que se atopaba “famenta de acción”. Participou do asociacionismo emigrante, pertencendo a esa dimensión emprendedora, orgullosa de si mesma, e voltou á terra nos inicios da reconstrución nacionalista dos sesenta. Nese interludio entre a parálise da posguerra e o novo pulo, participou dunha batalla xorda contra a tentativa de liquidar o nacionalismo. E como tantos outros, acabou sumido na depresión que provoca no retornado o choque entre a Galicia “idealizada” e a Galicia “real”, na que non atopaba concordancias entre teoría e práctica...

É de agradecer a Antom Santos e Uxío-Bregón Diéguez o esforzo para perfilar un retrato de dignidade e lealdade con unha causa, como a que representa o nacionalista mariñés. Esforzo intelectual, por un lado, para reconstruír unha historia de vida con trazos precisos, baseada nos propios testemuños do protagonista mediante recollida oral en diversas ocasións, así como nalgunhas outras testemuñas que o coñeceron e o trataron, nos seus artigos e parte do seu epistolario, e noutros traballos parciais sobre Moreda. Unha investigación rigorosa que aproveita a figura dun traste-

rrado (trasterrado físico na Arxentina, como tamén trasterrado mental na terrible reclusión psiquiátrica de Castro de Rei) para resolver con acerto descritivo e analítico o relato dunha etapa do nacionalismo da posguerra, tanto no contexto americano como no galego que, como toda historia no que atinxe á dimensión humana, componse de fulgores, máis tamén de recunchos escuros.

Como é de agradecer, así mesmo, o esforzo de edición, nun momento de crise, recortes e criterios de “eficiencia” que fan que as prioridades editoriais, quer institucionais ou empresariais, non abonden, precisamente, na liña deste proxecto.

*Xosé M. Malheiro Gutiérrez
Universidade da Coruña
Dpto de Pedagogía e Didáctica*

LÓPEZ-OCÓN, L., ARAGÓN, S., PEDRAZUELA, M. (eds.) (2012), *Aulas con memoria. Ciencia, educación y patrimonio en los institutos históricos de Madrid (1837-1936)*, Madrid: Comunidad de Madrid.

Os estudos de historia educativa relacionados coa análise do patrimonio escolar, é dicir, relacionados co recoñecemento e coa interpretación de indicios e pegadas da acción diaria escolar, constitúen unha das aportacións máis vigorosas do noso presente ao coñecemento da historia educativa, constituída, en particular, á luz das contribucións epistemolóxicas da antropoloxía e da etnoloxía ao paradigma da historia cultural. Esta preocupación pola “cultura escolar” ven a converxer ademais coa renovación historiográfica que se produciu no ámbito dos estudos sobre a historia da ciencia e desde onde comezou a

recoñecerse a importancia do ensino na construción do coñecemento científico.

Neste contexto historiográfico que anoa ciencia e ensinanza cómpre encadrar o proxecto CEIMES (“Ciencia y educación en los institutos madrileños de enseñanza secundaria a través de su patrimonio cultural, 1837-1936), desenvolvido por varios grupos de investigación (historiadores da ciencia, da educación e da historia política ligados ao CSIC e a distintos centros universitarios de Ciencias da Educación do entorno madrileño, co apoio e participación de profesores dos centros de educación secundaria estudados) co obxectivo de analizar, recoñecer, protexer e revalorizar o patrimonio científico-didáctico existente nos Institutos históricos da capital española con anterioridade á data de 1936, e con particular atención aos casos dos institutos de San Isidro, Cardenal Cisneros, Isabel La Católica (que foi sede do Instituto-Escuela, sección Retiro) e Cervantes.

A valoración historiográfica deste patrimonio, pois, mobilizou este proxecto CEIMES, dando lugar, por outra parte, á organización de varias didácticas exposicións, á elaboración dunha ilustrativa Web (www.ceimes.es) e á edición do presente volume que pasamos a comentar de modo sintético. Vinte son as contribucións que nel se conteñen, estruturadas arredor de catro núcleos: A cultura material nas aulas, Nova vida para un patrimonio esquecido, Actores e prácticas, e Discursos e disciplinas. Pola súa parte, Leoncio López-Ocon e Gabriela Ossenbach realizan unha densa presentación introdutoria, na que sitúan históricamente a didáctica das ciencias no ámbito da educación secundaria en España e a significación do patrimonio material constituído nos institutos, analizado á luz do con-